

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 2/11, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE CONMUTADORES DE TECNOLOXÍA DEZ XIGABIT ETHERNET**

Con data 8 de xullo de 2011, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento aberto, do subministro de conmutadores de tecnoloxía dez xigabit ethernet (expediente de contratación número 02/11).

Con data 8 de xullo de 2011 publícase o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA e na plataforma de contratación da Xunta de Galicia.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 28 de xullo de 2011, as 14:00 horas), recibíronse no Rexistro interno da Fundación CESGA as seguintes ofertas:

- o Foron entregadas no CESGA o día 28/07/11 as seguintes propostas:
  - AMBAR Telecomunicaciones S.L. NIF B 39363387
  - Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.
  - Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L.
  - Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.
- o Foron presentadas en correos, e foron enviados por fax os xustificantes desa presentación o 28/07/11, as propostas das seguintes empresas:
  - Catón Sistemas Alternativos, o orixinal en papel foi recibido o 01/08/11.
  - Telindus, S.A.U., o orixinal en papel foi recibido o 29/07/11.
  - Instrumentación y Componentes, S.A., o orixinal en papel foi recibido o 29/07/11.
  - Revenga Ingenieros S.A. o orixinal en papel foi recibido o 29/07/11.
  - Bull España S.A., o orixinal en papel foi recibido o 29/07/11.
  - Maintenance Developpent S.A. o orixinal en papel foi recibido o 01/08/11.
  - Indra Sistemas S.A. o orixinal en papel foi recibido o 01/08/11.

Con data 3 de agosto de 2011 constituíuse a Mesa de Contratación segundo o previsto no prego de condicións xurídicas, procedéndose ao exame e cualificación da documentación xeral dos licitadores contida no sobre A das propostas recibidas, observándose os seguintes defectos ou omisións emendables na documentación presentada:

- Maintenance Development S.A.: non consta
  - Copia compulsada do CIF da empresa.
  - Acreditación da solvencia económica e financeira segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.
  - Acreditación da solvencia técnica e profesional, no relativo á relación dos principais subministros de contido análogo efectuados nos últimos 3 anos, segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.
  - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións.
- Indra Sistemas S.A.: non consta
  - Declaración responsable, segundo o modelo que se xunta como Anexo III dos pregos, debidamente firmada.

- Declaración expresa sobre a circunstancia de pertencer a un grupo de empresas segundo o modelo que aparece como Anexo IV dos pregos, debidamente firmada.
- Revenga Ingenieros S.A.: non consta
  - Copia compulsada do CIF da empresa.
  - Acreditación da solvencia técnica e profesional, no relativo á relación dos principais subministros de contido análogo efectuados nos últimos 3 anos, segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.
  - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións.
- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.: non consta
  - Solicitude de participación conforme ao modelo que se xunta como Anexo I dos Pregos.
  - Acreditación da solvencia técnica e profesional, no relativo á relación dos principais subministros de contido análogo efectuados nos últimos 3 anos, segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.
  - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións.
- Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.: non consta
  - Declaración expresa sobre a circunstancia de pertencer a un grupo de empresas segundo o modelo que aparece como Anexo IV dos pregos.
  - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións.
- Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L.: non consta
  - Acreditación da solvencia técnica e profesional, no relativo á relación dos principais subministros de contido análogo efectuados nos últimos 3 anos, segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.
  - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións.
- Caton Sistemas Alternativos, S.L.: non consta
  - Acreditación da solvencia técnica e profesional, no relativo á relación dos principais subministros de contido análogo efectuados nos últimos 3 anos, segundo se establece no apartado D da folia de especificacións.

Polo tanto, tendo en conta o prego de condicións xurídicas, acórdase por unanimidade da Mesa de Contratación solicitar ás empresas, Maintenance Development SA, Indra Sistemas S.A., Revenga Ingenieros S.A., Sistemas Audiovisuales Itelsis S.L., Cableados e Instalaciones Especiales S.L., Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L. e Caton Sistemas Alternativos S.L. que corrixan, emenden ou aclaren a documentación presentada.

Finalizado o prazo conferido para a emenda de defectos na documentación xeral, a Mesa de Contratación reuniuse con data de 8 de agosto de 2011, constatando que todos os licitadores requiridos cumprimentaron o trámite e aportaron documentación suficiente e adecuada para emendar os erros ou omisións comunicados. A continuación, procedeuse a determinar os licitadores que se axustan aos criterios de selección, acordándose a admisión ao procedemento de licitación ás seguintes empresas:

- AMBAR Telecomunicaciones S.L.
- Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.
- Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L.
- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.
- Catón Sistemas Alternativos.
- Telindus, S.A.U.
- Instrumentación y Componentes, S.A.,
- Revenga Ingenieros S.A.
- Bull España S.A.
- Maintenance Development S.A.
- Indra Sistemas S.A.

Con data 18 de agosto de 2011, previa convocatoria enviada por correo electrónico aos licitadores admitidos ao procedemento de adjudicación con data 11 de agosto de 2011, as 11:30 horas, na sede da Fundación CESGA celebrouse o acto público de apertura do sobre B (Documentación relativa aos criterios non avaliados de forma automática), ao que asistiron os seguintes licitadores:

| Nome do licitador                             | Nome do representante                 |
|-----------------------------------------------|---------------------------------------|
| INYCOM                                        | Belen Igual / Fernanda Amigo Martinez |
| BULL España, S.A                              | Carlos Gonzalez                       |
| Itelsis                                       | Gerardo Garcia                        |
| Ambar                                         | Jose Maria Borrego                    |
| Componentes e Instrumentación<br>Electrónicas | Angel Satín                           |

No acto público procedeuse á apertura das propostas cualitativas presentadas polos licitadores admitidos, dando conta aos asistentes da relación de documentos que cada un dos sobres "B" contén no seu interior. As empresas que a continuación se relacionan non aportan toda a documentación polo que a mesa de contratación procede a requirir:

- Á empresa Maintenance Development S.A., proposta resumida conforme ao modelo que consta como Anexo II.1 do prego de condicións.
- Á empresa Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L. proposta resumida conforme ao modelo que consta como Anexo II.1 do prego de condicións, e máis cadro de características técnicas segundo Anexo V dos mesmos pregos.

Ningún dos asistentes a este acto público fixo observación algunha.

Finalizado o prazo conferido para a emenda os dous licitadores requiridos cumprimentaron o trámite e aportaron documentación suficiente e adecuada.

Realizado un estudo pormenorizado das propostas cualitativas presentadas, obsérvase a necesidade de pedir aclaracións ás mesmas. O requirimento de aclaración fíxose aos seguintes licitadores a través de correo electrónico enviado con data 5 de setembro de 2011.

- AMBAR Telecomunicaciones S.L.
- Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.
- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.
- Telindus, S.A.U.
- Instrumentación y Componentes, S.A.,
- Revenga Ingenieros S.A.
- Indra Sistemas S.A.

Rematado o prazo conferido para aclarar o aspecto técnico das propostas cualitativas antes sinalado, tódalas empresas procederon a facilitar a información requirida.

Completada a información necesaria para o análise das propostas cualitativas, a Mesa de Contratación procedeu á valoración das mesmas conforme aos criterios cualitativos establecidos nos pregos de licitación.

Do devandito análise a Mesa de Contratación determinou a exclusión ao procedemento de adjudicación de catro licitadores por incumprimento dos requisitos tal e como se describen no Anexo V dos pregos de prescricións técnicas:

- Bull España S.A. incumple "Os transceivers para portos da mesma capacidade poderán ser utilizables en calquera equipo de tipo A e B".
- Catón Sistemas Alternativos incumple "Os transceivers para portos da mesma capacidade poderán ser utilizables en calquera equipo de tipo A e B".
- Maintenance Developpment S.A. incumple "Os transceivers para portos da mesma capacidade poderán ser utilizables en calquera equipo de tipo A e B".
- Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L. incumple "O equipo tiop C debe de dispoñer de 4 interfaces 10Gbps en fibra".

A continuación se sinalan, de forma sucinta, as conclusións e razoamentos que se tiveron en conta para a valoración do resto de ofertas e a súa ponderación:

1. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador AMBAR Telecomunicaciones S.L.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o numero de 48 portos 10G adicionais e de capacidade de 1,28Tbps dos equipos de tipo A ofertados; a cantidade de 50 transceivers 10G adicionais subministrados para equipos tipo A/B/C, e de 25 transceivers 1G adicionais para equipos tipo B e C, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de equipos de tipo B/C (ata un máximo de 3), razón pola que se lle concedeu un total de 14,19 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de alta dispoñibilidade MC-LAG e DHL, a posibilidade de cambio en quente de fontes de alimentación, a oferta de solución compacta, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico completas e de exportación de fluxos mediante SFLOW e o rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 5,06 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo A e B, razón pola que se lle concedeu un total de 6,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta a ampliación de 24 meses de garantía e mantemento, así como a calidade do soporte en relación aos procedementos de escalado descritos, os tempos de resolución/reposición menos de 4h e a oferta de xestión externalizada; razón pola que se lle concedeu un total de 7,50 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C, a provisión de mecanismos de prevención/control de ataques, así como outros mecanismos para detección de anomalías (detección de gusanos, etc); razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo por equipo de 339,2KW para tipo A, 56 e 66KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,73 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade da presentación", tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 0,5 puntos.
2. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador TELINDUS, S.A.U.:
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta a cantidade de un total de 50 transceivers 10G para equipos tipo A, e de 159 transceivers de 1G adicionais para tipo B e C, o número de 36 portos 10G adicionais en total para equipos de tipo B, a capacidade de conmutación de equipos tipo B de 960Gbps, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo A e B e o incremento de un equipo de tipo C sobre o mínimo requirido, razón pola que se lle concedeu un total de 13,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a posibilidade de agregación de equipos tipo C sen perda de portos 10G, a non necesidade de adaptación de ferramentas de rede para a súa monitorización, a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, o soporte de chassis virtual, a incorporación de ventiladores redundantes cambiábeis en quente, a posibilidade de cambio en quente de fontes de alimentación, a oferta de solución compacta, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico completas e de exportación de fluxos mediante SFLOW e o rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 9,16 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag en equipos de tipo C, o soporte de mecanismos de transporte MPLS ccc para equipos de tipo A e B, e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo A e B, razón pola que se lle concedeu un total de 5 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta 24 meses de ampliación de garantía e mantemento, así como a calidade do soporte en relación aos procedementos descritos para escalado de incidencias, razón pola que se lle concedeu un total de 5,5 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en equipos de tipo B e C, razón pola que se lle concedeu un total de 3,00 puntos.



- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C; razón pola que se lle concedeu un total de 3,5 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo por equipo de 329KW para tipo A e B e 380KW para tipo C, tamén se tivo en conta a existencia de mecanismos de redución de potencia en portos sen servizo e ventiladores de velocidade variable; razón pola que se lle concedeu un total de 0,43 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade da presentación", tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 puntos.

3. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador REVENGA Ingenieros S.A.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o numero de 16 portos 10G adicionais; a cantidade de 8 transceivers 10G adicionais subministrados para equipos tipo A, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de 3 equipos de tipo B ofertados, razón pola que se lle concedeu un total de 7,12 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de alta dispoñibilidade E-Trunk, a posibilidade de cambio en quente de ventiladores e fontes de alimentación, a dispoñibilidade de ventiladores redundantes, a oferta de solución compacta, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico básicas e o rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 6,13 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo B, razón pola que se lle concedeu un total de 5,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta a ampliación de 12 meses de garantía e mantemento, razón pola que se lle concedeu un total de 2,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C, a provisión de mecanismos para a defensa contra ataques DoS; razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo por equipo de 237KV para tipo A, 63 e 380KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,38 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade da presentación", tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1 puntos.

4. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador INDRA Sistemas S.A.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o numero de 16 portos 10G adicionais; a cantidade de 6 transceivers 10G adicionais subministrados para equipos tipo B e 5 transceivers 1G

adicionais para equipos de tipo B, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de 3 equipos de tipo B ofertados, razón pola que se lle concedeu un total de 8,17 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de alta dispoñibilidade E-Trunk,, a posibilidade de cambio en quente de fontes de alimentación, a oferta de solución compacta, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring básico e o rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 5,79 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta a calidade do soporte en relación aos procedementos de escalado descritos, os tempos de resposta de 4h polo que se lle concedeu un total de 1,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C, a provisión de mecanismos para a defensa contra ataques DoS; razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo por equipo de 237KW para tipo A, 93KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,80 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade da presentación", tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 0,50 puntos.
5. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador CIE, Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.:
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o numero de 80 portos 10G adicionais con sobreescripción e de capacidade de 1152Gbps dos equipos de tipo A ofertados; o incremento de capacidade de conmutación dos equipos de tipo B e C a 144Gbps, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de 3 equipos de tipo B ofertados, razón pola que se lle concedeu un total de 6,26 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de chasis virtual en todos os tipos de equipos, a provisión de ventiladores redundantes con reemplazo en quente para equipos de tipo A, a provisión de procesadora redundante en equipos de tipo A, a provisión de cambio en quente de fontes de alimentación para equipos de tipo A, a provisión de unha solución compacta para equipos de tipo A e B, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico completas e de exportación de fluxos mediante SFLOW e o alto rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 6,97 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo A e B, razón pola que se lle concedeu un total de 6,00 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta a ampliación de 6 meses de garantía e mantemento, así como o horario de atención ampliado a 13x5 para equipos de tipo A e 24x7 a equipos de tipo B e C, así como a mellora dos tempos de resolución e reemplazo de 4h para equipos de tipo A; razón pola que se lle concedeu un total de 1,83 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C, a provisión de mecanismos de prevención/control de ataques, así como outros mecanismos de IPS/IDS e firewall stateful; razón pola que se lle concedeu un total de 4 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo por equipo de 1400KW para tipo A, 68 e 105KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,22 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade da presentación", tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 0,5 puntos.
6. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador Sistemas Audiovisuales ITELSIS, S.L.:
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o número de 80 portos 10G adicionais con sobreescripción e de capacidade de 1152Gbps dos equipos de tipo A ofertados; o incremento de 14 transceivers 10G e 4 de 1G adicionais, o incremento de capacidade de conmutación dos equipos de tipo B e C a 144Gbps, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de 3 equipos de tipo B ofertados e 1 equipo de tipo C, razón pola que se lle concedeu un total de 8,5 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Calidade tecnolóxica da solución", tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de chasis virtual en todos os tipos de equipos, a provisión de ventiladores redundantes con reemplazo en quente para equipos de tipo A, a provisión de procesadora redundante en equipos de tipo A, a provisión de cambio en quente de fontes de alimentación para equipos de tipo A e B, a provisión de unha solución compacta para equipos de tipo A e B, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico medias para equipos tipo A e completas para equipos tipo B e C e de exportación de fluxos mediante SFLOW e o alto rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 7,14 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo A e B, razón pola que se lle concedeu un total de 6,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico" tívose en conta a ampliación de 12 meses de garantía e mantemento, así como o horario de atención ampliado a 13x5 para equipos de tipo A e 9x5 a equipos de tipo B e C, así como a mellora dos tempos de resolución e reemplazo de 4h para equipos de tipo A, B e C; razón pola que se lle concedeu un total de 3,42 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Soporte de routing", tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Seguridade", tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C, a provisión de



- mecanismos de prevención/control de ataques, así como outros mecanismos de IPS/IDS e firewall stateful; razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo por equipo de 1350KW para tipo A, 68 e 105KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,22 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 puntos.
7. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador INYCOM, Instrumentación y Componentes, S.A.:
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Melloras incluídas na solución proposta" tívose en conta o numero de 16 portos 10G adicionais e de capacidade de 3060Gbps dos equipos de tipo A ofertados, o incremento de capacidade de conmutación dos equipos de tipo B e C a 144Gbps, o igualar en funcionalidades o equipamento de tipo C e B e o incremento de 3 equipos de tipo B ofertados, razón pola que se lle concedeu un total de 7,06 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Calidade tecnolóxica da solución”, tívose en conta a usabilidade dos transceivers de forma indistinta en equipos de tipo A, B e C, a dispoñibilidade de mecanismos de chasis virtual en todos os tipos de equipos, a provisión de ventiladores redundantes con reemplazo en quente para equipos de tipo A, a provisión de procesadora redundante en equipos de tipo A, a provisión de cambio en quente de fontes de alimentación para equipos de tipo A e B, a provisión de unha solución compacta para equipos de tipo A e B, a provisión de características de QoS e rate limit, as posibilidades de mirroring de tráfico completas e de exportación de fluxos mediante SFLOW e o alto rendemento xeral dos equipos en relación a número de MACs soportadas, razón pola que se lle concedeu un total de 6,99 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Carrier ethernet" tívose en conta o soporte de estándares 802.3ah, 802.1ag para os equipos ofertados e dispoñibilidade de certificados MEF para equipos de tipo B e C, razón pola que se lle concedeu un total de 5,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo a "Garantía e soporte técnico", tívose en conta o horario de atención ampliado a 13x5 para equipos de tipo A, B e C, así como a mellora dos tempos de resposta de 4h para equipos de tipo A, B e C; razón pola que se lle concedeu un total de 0,75 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Soporte de routing”, tívose en conta o soporte de routing avanzado IPv4 e IPv6 en todos os equipos, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Seguridade”, tívose en conta o soporte de filtrado a nivel 3 e superiores para equipos tipo A e B, o filtrado a nivel 2 para equipos A, B e C, o soporte de protocolo 802.1x en equipos tipo C; razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo por equipo de 4750KW para tipo A, 68 e 105KW para tipos B e C respectivamente; razón pola que se lle concedeu un total de 0,27 puntos.
  - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1 puntos.

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios cualitativos establecidos nos pregos de licitación, o resultado obtido é o seguinte:

|                                         | AMBAR        | TELINDUS     | REVENGA      | INDRA        | CIE          | ITELISIS     | INCOM        |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Melloras incluídas na solución proposta | 14,19        | 13,00        | 7,12         | 8,17         | 6,26         | 8,50         | 7,06         |
| Calidade tecnolóxica de la solución     | 5,06         | 9,16         | 6,13         | 5,79         | 6,97         | 7,14         | 6,99         |
| Carrier ethernet                        | 6,00         | 5,00         | 5,00         | 4,00         | 6,00         | 6,00         | 5,00         |
| Garantía e soporte técnico              | 7,50         | 5,50         | 2,50         | 1,00         | 1,83         | 3,42         | 0,75         |
| Soporte de routing                      | 4,00         | 3,00         | 4,00         | 4,00         | 4,00         | 4,00         | 4,00         |
| Seguridade                              | 4,00         | 3,50         | 4,00         | 4,00         | 4,00         | 4,00         | 3,50         |
| Eficiencia enerxética                   | 0,73         | 0,43         | 0,38         | 0,80         | 0,22         | 0,22         | 0,27         |
| Calidade da presentación                | 0,5          | 1            | 1            | 0,5          | 0,5          | 1            | 1            |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>41,98</b> | <b>40,59</b> | <b>30,13</b> | <b>28,26</b> | <b>29,78</b> | <b>34,28</b> | <b>28,57</b> |

Con data 20 de setembro de 2011, previa convocatoria enviada por correo electrónico aos licitadores o día 14 de setembro de 2011, as 12:00 horas, na sede da Fundación CESGA celebrouse o acto público de apertura do sobre C (Documentación relativa aos criterios avaliados de forma automática), ao que asistiron os seguintes licitadores:

| Nome do licitador  | Nome do representante |
|--------------------|-----------------------|
| Fernanda Amigo     | INCOM                 |
| Christian Salgado  | ITELISIS              |
| Santiago Baixeras  | TELINDUS              |
| Jose María Borrego | AMBAR                 |

No acto público procedeu en primeiro lugar a dar conta das puntuacións outorgadas ás propostas cualitativas (puntuación recollida no cadro resumo antes exposto). A continuación procedeu á apertura das propostas cuantitativas presentadas.

A Mesa de Contratación observa indicios que poden facer que a proposta cuantitativa presentada polo licitador Telindus, S.A.U poida ser considerada como desproporcionada ou anormal posto que a porcentaxe de baixa que presenta excede en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Por tal motivo requíreselle (21 de setembro de 2011) para que no prazo de 5 días hábiles xustifique por escrito a valoración da súa oferta e precise as condicións da mesma e a garantía de que co prezo ofertado poderá cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos que reñen o expediente de contratación.

Con data 23 de setembro de 2011, o licitador Telindus, S.A.U. presenta un escrito xustificando e garantindo que, polo prezo ofertado, pode cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos de licitación. A Mesa de Contratación atopa suficiente para dar por boa a xustificación do licitador, razón pola que acorda a aceptación da oferta dese licitador como de normal cumprimento.

Aceptada a oferta presentada por Telindus, S.A.U., o resultado de aplicar as fórmulas indicadas no prego de condicións ás propostas cuantitativas (ofertas económicas) dos licitadores, é o seguinte:

| EMPRESA            | Prezo sen IVE | Prezo con IVE | VALORACIÓN |
|--------------------|---------------|---------------|------------|
| INDRA              | 152.591,80    | 180.058,32    | 34,53      |
| REVENGA Ingenieros | 144.688,43    | 170.732,35    | 36,42      |
| INYCOM             | 159.800,00    | 188.564,00    | 32,97      |
| TELINDUS           | 131.728,11    | 155.439,17    | 40,00      |
| ITELISIS           | 156.575,61    | 184.759,22    | 33,65      |
| CIE, S.L.          | 140.000,00    | 165.200,00    | 37,64      |
| AMBAR              | 157.987,20    | 186.424,90    | 33,35      |

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios de adjudicación establecidos no prego de condicións, o resultado obtido é o seguinte:

| CRITERIO                | Telindus     | Ambar        | Itelsis      | CIE          | Revenga      | Indra        | INYCOM       |
|-------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Criterios Cualitativos  | 40,59        | 41,98        | 34,28        | 29,78        | 30,13        | 28,26        | 28,57        |
| Criterios Cuantitativos | 40,00        | 33,35        | 33,65        | 37,64        | 36,42        | 34,53        | 32,97        |
| <b>TOTAL</b>            | <b>80,59</b> | <b>75,33</b> | <b>67,93</b> | <b>67,42</b> | <b>66,55</b> | <b>62,79</b> | <b>61,54</b> |

Con data 29 de setembro de 2011, a Mesa de Contratación, á vista das puntuacións obtidas polas propostas dos licitadores admitidos e que se reflicten no cadro-resumo anterior, emitiu proposta de adjudicación do contrato a favor da empresa Telindus, S.A.U., por considerar que a súa oferta é a máis vantaxosa para cubrir as necesidades de contratación da Fundación CESGA.

Á vista da proposta de adjudicación da Mesa de Contratación, das actas das súas actuacións, e das propostas dos licitadores, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da Fundación CESGA.

#### ACORDO:

**Primeiro.-** Adjudicar o contrato para o subministro dun subsistema de Almacenamento en Rede, á empresa Telindus, S.A.U. titular do NIF A80644081, polo importe de cento trinta e un mil setecentos vinte e oito euros con once céntimos, (131.728,11 €), máis vinte e tres mil setecentos once euros con seis céntimos (23.711,06 €) que corresponden ao imposto sobre o valor engadido, o que supón un total de cento cincuenta e cinco mil catro centos trinta e nove euros con dezasete céntimos (155.439,17 €), con cargo á partida de inmovilizado.

**Segundo.-** Comunicar aos licitadores a adxudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adxudicación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

**Terceiro.-** A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adxudicación aos licitadores.

**Cuarto.-** A actuación obxecto deste contrato é cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), por medio da axuda de referencia CESG08-1E-001 correspondente o subprograma de proxectos de equipamento científico tecnolóxico, da Dirección Xeral de Investigación e Xestión do Plan Nacional de I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innovación

En Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2011,



**O Director-Xerente da Fundación  
Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia – CESGA-  
Asdo.: D. Javier García Tobío**